

Enganchadas ó Porespan

Enganchadas ó Porespan



Mercedes Gallego Esperanza

ENGANCHADAS Ó PORESPAN

Na aldea hai uns cantos galiñeiros deses que chaman de autoconsumo e a min gústame entaboar conversa cos galos. Ben, digo cos galos, porque coas pitas non hai maneira, os galos téñenas moi avasaladas... Eu presumo do galo de pelexa tan fermoso que temos na casa, e aínda que ti o convertiches ó pacifismo, eu ben vexo que aínda lle queda un ramallazo da súas orixes. Para proba chega cando che chapodou aquel polazo que gardabas para o Nadal, un día cego e ó seguinte cadáver. Sempre que vou polos galiñeiros acabamos falando do mesmo, eu que se o noso galo non ten comparanza e eles que iso xa se vería se me atrevo a levalo un día por alí. A todo isto sempre terciía no palíque unha pita mixturada, de nai de granxa e pai quico, que anda o seu aire e que non lle fai caso a ninguén, nin a humanos nin a aves, porque xoga coa avantaxe que voa como unha condenada e é imposible botarlle a man. Ela avivece o lume dicindo que pobres deles se aparecese por alí o noso

galo, que só con oílo cantar xa sabe a arrogancia e o poderío que debe ter. Outra veces vólvese contra min e di que canta como un castrati e que así no imos criar poliños pero eu aclárolle que o castrati non é o noso, senón, o capón que a ama do Romeo garda para Os Reis. Nisto de non criar poliños algo de razón leva pero eu como comprenderás non lle digo nin pío, e nunca máis acertado. Con este díxome-díxome hai días que paso media mañá roldando por onde eles sen dar-me conta. A veces tamén me fan algún encarguiño como que lles afane algún rato, rata ou paxaro que non lles deixan nin unha febra de comida.

Hai pouco pasei por onda eles e atopeinos moi decaídos, sen ganas de cháchara nin de comer que é o máis raro porque as galiñas están sempre picando. Ben, o caso é que un dos galos díxome que tiñan ganas de verme porque sospeitaban que estaba pasando algo estraño nos galiñeiros e que non daban resolto o que era. Estaban tristes, non tiñan ganas de comer, sentían a molexa como moi chea e non tiñan forza. Comezaban a pensar que os estaban envelenando pero que non sabían quen é por qué, por iso necesitaban a miña axuda para

ver se me enteraba de algo, porque como sempre ando a meter a cabeza en tódolos buratos e ademais vese máis andando por aí que estando entre arames.

Eu, orgulloso de que me tivesen tanta confianza, botei días dándolle volta ó asunto, metinme en máis sitios dos habituais, ía polos galiñeiros con frecuencia e observaba coincidencias e diferenzas entre eles -unhas verzas, noutros leitugas, uns millo, noutros centeo- non coincidían en moito pero os síntomas eran os mesmos. Un día que viña xa derrotado para casa e encabuxado porque os paisanos xa empezaban a darse conta do problema dos galiñeiros e non dubidaban en adminístralle ás pitas as menciñas máis insospeitadas, entre elas, o aceite polo peteiro era a preferida, as pobres quedaban para o arrastre. Pois como che conto, absor-to viña eu nisto cando saltei o aramado da nosa finca e din de cheo coas catro patas nun mantel branco que tiñas ó sol, de repente quedei alí quieto no medio e empecei a pensar branco, branco,branco..., mentres ti me berrabas e me facías xestos para que sacase as patas do mantel. Eu sen escoitarte peguei un pulo e volví a saltar o valo

para fóra, seguro que ti pensabas que fuxía, pois non, o que pasou foi que se me encendeu unha luceciña ó ver o trapo branco.

Volvín correndo ós galiñeiros e efectivamente comprobei que todos tiñan caixas brancas de porespán e vin como algunhas pitas picaban nelas con desgana. Pregunteilles ós galos que era iso das caixas e dixéronme que llas daban os amos dicindo que tiñan moito calcio e que eles picaban nelas porque lles sabían ben, así como se fose peixe. Eu fíxenlle ver -o seu traballo me custou- que iso non era bo, que era todo química e que non podían comer semellante cousa. Uns fixéronme caso, outros dicían que se os amos llas dában é que era cousa boa. Para min que estaban enganchadas ó porespan, uns dos galos máis amigo coincidía comigo en que había un problema de enganchamento, entón pedíume que mas amañase para facerlle chegar ós amos o que estaba acontecendo nos galiñeiros. Outra vez a darlle voltas á cabeza para ver como transmitir a información ós humanos cos que, a verdade sexa dita, non me gusta ter moito trato pero é que aquí tratábase da felicidade dos galiñeiros. Así que botei man dos meus ami-

gos, Coco e Prenda, que son dos nenos dos que entran poucos en ducia, son ecoloxistas enxebres que mamaron na súa familia o amor á natureza, ós animais, respectan todo ata unha pedra que se atope no camiño, falan con nós e chegado o momento xogan ou sácannos dun apuro. Conteilles todo o que estaba pasando e pedinlles que foran á aldea e con moito tino que investigasen como chegaron alí as caixas de porespán e que lles fíxese ver á xentiña o erro tan bárbaro que estaban cometendo. Ó final colléronme no colo -cousa rara en min deixarme coller- e leváronme con eles e así puideren escoitar a parte da historia que me faltaba.

As caixas de porespán dáballas un pescadeiro que ía ata alí a vender a súa mercancía e dicíalles que eran moi boas para as galiñas porque tiñan calcio, e os paisanos sempre pensando no mellor para elas chegaban a rifar entre eles polas caixas cada vez que viña o peixeiro.

Os paisanos, ante os comentarios dos nenos e o mal estado das pitas entraron pronto en razoamento e retiraron as caixas dos galiñeiros. Co tempo, contáronme Coco e Prenda que seguiron investigando o tema e que o peixeiro contaba esa

patraña das galiñas e o calcio do porespán para desfacerse das caixas e así non ter que pagar a súa reciclaxe e que as pitas enganchábanse ó porespán polo sabor a peixe que levaba impregnado, pero logo, ó ser químico, non o dixerían e impedíalle comer outra cousa levándoas ó borde da morte.

A partires desta aventura, agora cando me poño de palique cos galos e lle falo do noso galo, danme a razón e dime que o leve por alí cando queira que será ben recibido por ser amigo meu. Que orgullo non?.